

Código do documento	Código do expediente
UCP13103QE	UCP/2019/585
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
1V34 1L6Q 5E0I 5W3U 1ARG	

MMM

APROBADA EN SESIÓN DE 03/02/2020

ACTA DA MESA XERAL DE CONTRATACIÓN

Na Casa Consistorial de Culleredo, sendo as 10:41 horas do día **5 de decembro do ano 2019**, previa convocatoria con especificación dos asuntos a tratar, publicada no perfil de contratante deste concello, reúnese a Mesa Xeral de Contratación constituída con carácter permanente por acordo plenario do 29 de xuño de 2015, cuxa composición foi modificada por acordo do Pleno en sesión de 22 de febreiro de 2018.

Asistentes:

- Preside a sesión D. Roberto Babío Fernández, xefe de servizo de economía e facenda
- Dna. Pilar María Pastor Novo, secretaria xeral, vocal.
- Dna. Vanesa García Barreiro, interventora municipal, vocal.
- D. Francisco Javier Varela Tejedor, xefe do gabinete técnico, vocal.
- Dna. Karina Paula Diaz Arluna, tecnico de administración, vocal.
- Dna. María del Carmen Martínez Mosquera, secretaria da mesa de contratación.

C.I.F. P-1503100-H

Polo Sr. Presidente dáse inicio á sesión pasando a examinar os asuntos incluídos na orde do día:

PRIMERO.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para el expediente UCP/2018/814.

SEGUNDO.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedimientto con número de expediente UCP/2018/814 para adxudicar o contrato de Instalación de césped artificial y adecuación de perímetro en campo de fútbol "Os Loureiros"

TERCERO.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2018/815.

CUARTO.- Proposta adxudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedimientto con número de expediente UCP/2018/815 para adxudicar o contrato de Remodelación de plaza y parque infantil en Vilaboa (Iglesia).

1.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para el expediente UCP/2018/814.

Polo Sr. Presidente se recorda que na sesión de 24/09/2019, acordouse:

- declarar en presunción de conter valores anormalmente baixos a oferta de IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL
- solicitar a citada empresa que xustifique a súa oferta, e
- solicitar informe ao técnico municipal.

Con data 29/11/2019, polo xefe de sección de obras públicas e servizos se emite informe sobre a documentación presentada, no que conclúe que:

*"Unha vez analizada a xustificación presentada, e atendendo aos criterios obxectivos determinados no PCAP, conclúese que IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS SL, explica satisfactoriamente o nivel dos prezos e custos propostos polo licitador e, polo tanto, **a oferta pode ser cumprida nos termos nos que está formulada.**"*

Código do documento	Código do expediente
UCP13I03QE	UCP/2019/585
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1V34 1L6Q 5E0I 5W3U 1ARG	

Interven a Sra. Pastor Novo, e manifesta que no informe técnico dí que “*Redúcense os rendementos da maquinaria (ou da man de obra), o que implica a redución directa do custo*”, e ao seu entender a redución de rendementos supón un maior coste, e solicita que se aclare a terminoloxía utilizada no informe.

Por outra parte insiste que ela non se pronuncia sobre o informe técnico, xa que non ten coñecementos técnicos, pero que reitera que as baixas son moi elevadas, polo que insiste en que hai que revisar que os prezos dos proxectos se adecúen aos prezos de mercado.

Ante as dúbidas suscitadas sobre a relación entre a redución do rendementos e a redución do custo, acordase solicitar ao Sr. González que aclare esta cuestión.

2.- Proposta adjudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/814 para adjudicar o contrato de instalación de césped artificial y adecuación de perímetro en campo de fútbol "Os Loureiros"

Este asunto queda sobre a mesa en tanto non se aclare o punto anterior.

3.- Xustificación de oferta anormalmente baixa para o expediente UCP/2018/815.

Polo Sr. Presidente se recorda que na sesión de 21/10/2019, acordouse:

- declarar en presunción de conter valores anormalmente baixos a oferta de MECANO OBRAS Y REFORMAS, S.L
- solicitar a citada empresa que xustifique a súa oferta, e
- solicitar informe ao técnico municipal.

Con data 28/11/2019, polo xefe de sección de obras públicas e servizos se emite informe sobre a documentación presentada, no que conclúe que:

“que non xusifica adecuadamente o baixe nivel dos prezos e dos custos propostos polo licitador, e polo tanto a oferta é anormalmente baixa xa que a xustificación é incompleta ou se fundamenta en hipóteses ou prácticas inadecuadas dende o punto de vista técnico, xurídico ou económico.”

Visto o informe técnico a mesa acorda:

- Rexeitar a oferta presentada por MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, e
- Clasificar as ofertas por orde de puntuación,

Empresa	Valoración
OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L	77,40
IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS S.L.	74,18
ARIAS INFRAESTRUCTURAS, S.A.	72,31
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	72,10
JARDINCELAS, S.L	71,14
CETA CONTRATAS S.L.	69,12
EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	66,48
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	66,02

Código do documento	Código do expediente
UCP13I03QE	UCP/2019/585
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 1V34 1L6Q 5E0I 5W3U 1ARG	

ACTIVA PARQUES Y JARDINES S.L	64,58
BCNOR Gestion y Soluciones Avanzadas S.L.	63,91
ZONA DE OBRA O ROSAL SL	61,89
BARNACLE OBRAS Y SERVICIOS S.L.	61,74
BRICANTEL ESPAÑA SL	57,45
CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL	53,12
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS SL	50,06
COTOVERDE OBRAS Y SERVICIOS S.L	49,35
JARDINERIA ARCE S.L.	47,33
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	39,87
CANARGA, S.L.	38,22
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	24,93
CONSTRUCCIONES ALEA, S.L.	10,71

4.- Proposta adjudicación correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento con número de expediente UCP/2018/815 para adjudicar o contrato de Remodelación de plaza y parque infantil en Vilaboa (Iglesia)

A Mesa Xeral de Contratación, co voto en contra da Sra. Pastor Novo, polos motivos expostos nos informes de Secretaira que obran no expediente, acorda propoñer ao órgano de contratación:

- 1.- Rexeitar a oferta presentada por MECANO OBRAS Y REFORMAS SL, por no xustificar suficientemente a súa oferta.
- 2.- Adjudicar a obra de referencia á empresa OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO S.L. con CIF B70329321 no prezo ofertado de 216.590 €, IVE incluído (179.000,00 € máis 37.590 € IVE), por ser a máis vantaxosa economicamente. Previamente haberá de presentar a documentación sinalada no PCAP, para o que se lle concederá un prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento.

3.- Quenda aberta de intervencións.

Non hai intervencións.

Dáse por finalizado o acto, sendo as 10:57 horas, e redactándose a presente acta, que asina comigo o Sr. Presidente, e da que, como secretaria da Mesa de Contratación, dou fe.

(asinado dixitalmente)

(asinado dixitalmente)

C.I.F. P-1503100-H